

HIPNOSEDANTES

Os hipnosedantes son **substancias depresoras** do Sistema Nervioso Central. Inclúen tanto fármacos sedantes como hipnóticos utilizados comúnmente para tratar trastornos de ansiedade, depresión ou do sono.



FORMAS DE CONSUMO

Administrados comúnmente baixo receita médica son empregados na meirande parte dos casos para o tratamento de determinadas dores.

Estes medicamentos poden facer que unha persoa se sinta relaxada e con ánimo, motivo polo que ás veces se consomen sen indicación médica.



HIPNOSEDANTES E ADOLESCENCIA

Segundo os últimos datos, o consumo de hipnosedantes sen receita médica incrementouse pola súa elevada accesibilidade.

O perigoso é descoñecer que incrementa de xeito notable os efectos doutras substancias conlevando shocks irreparables, como no caso do alcol, ao coma etílico.



CONSUMO DOUTRAS SUBSTANCIAS

A mestura con outras substancias depresoras, como o alcol, aumenta o risco de sufrir unha insuficiencia respiratoria, poñendo a vida en perigo.



AUTOMEDICACIÓN

Coa automedicación, o organismo rápidamente se acostuma ao medicamento (**tolerancia**) e non é quen de impedir o seu consumo (**dependencia**).



ALGÚNS DATOS

Actualmente, os hipnosedantes son a substancias máis consumida entre adolescentes despois do alcol, o cannabis e o tabaco.

Existe unha clara prevalencia de consumo máis extendida entre as mulleres.

O uso indebido de medicamentos recitados fai ás persoas máis propensas ao consumo posterior doutras drogas.

Mesturados con outras substancias, podemos potenciar os efectos secundarios.